

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE**

EXTRACTO da Orde do 26 de abril de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de axudas para implantar a igualdade laboral, a conciliación e a responsabilidade social empresarial (RSE), e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (códigos de procedemento TR357B, TR357C e TR357D).

BDNS (Identif.): 562197.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. Beneficiarias

As empresas solicitantes poderán ser pemes ou persoas traballadoras autónomas, que teñan subscritos contratos con persoas traballadoras por conta allea, con domicilio social e centro de traballo en Galicia, calquera que sexa a súa forma xurídica, e que estean validamente constituídas no momento de presentar a solicitude de axudas, e deberán contar cun mínimo de 6 persoas traballadoras.

No caso da liña I (plans de igualdade) terán que contar como mínimo con 15 persoas traballadoras.

Segundo. Obxecto

Establecer as bases reguladoras, para o ano 2021, para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de axudas e incentivos a pemes, incluídas persoas traballadoras autónomas, para implantar sistemas de xestión de RSE (TR357B), a igualdade laboral (TR357C), así como para adoptar medidas de corresponsabilidade e de conciliación da vida familiar, persoal e laboral (TR357D), no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceiro. Bases reguladoras

Orde do 26 de abril de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de axudas para implantar a igualdade laboral, a conciliación e a responsabilidade social

CVE-DOG: th13bvf9-a7k3-vv67-l1u2-0yyvj7hujj4



empresarial (RSE), e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (códigos de procedemento TR357B, TR357C e TR357D).

Cuarto. Importe

Para a concesión destas axudas destínanse dous millóns seiscientos trece mil euros (2.613.000 €), de acordo coa seguinte distribución:

Liña I. Elaboración e implantación de plans de igualdade: seiscientos oitenta nove mil cincocentos euros (689.500 €).

Liña II. Conciliación: un millón seiscientos catorce mil euros (1.614.000 €).

Subliña 1. Incentivos para o fomento do teletraballo: douscentos corenta e sete mil cincocentos euros (247.500 €).

Subliña 2. Incentivos para o fomento da flexibilidade horaria: setecentos corenta e sete mil cincocentos euros (747.500 €).

Subliña 3. Investimentos: seiscientos dezanove mil euros (619.000 €).

Liña III. Certificacións RSE: trescentos nove mil cincocentos euros (309.500 €).

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2021

M^a Jesús Lorenzana Somoza
Conselleira de Emprego e Igualdade

CVE-DOG: th13bvf9-a7k3-vv67-l1u2-0yyjib7hujj4

